




Confederación Intersindical Galega

BBVA

# Agardando

*CIG-BBVA, interesou, de Recursos Humanos, resposta á preocupación sindical sobre a posible execución de máis prexubilacións, no ámbito territorial de Galicia, antes de que remate o ano actual, no marco do ofrecemento que se ten dado en BBVA.*

A resposta dada pola U.T. de Recursos Humanos confirma que, para o que resta do presente ano, non se executarán, en principio, máis prexubilacións que as que estivesen previamente acordadas e, sen embargo, pendentes de materializar todas correspondentes ó Programa de Prexubilacións anual que tiña como data de finalización o pasado 30 de xuño. Informase, tamén a CIG-BBVA, que se agarda que no próximo ano poidan continuar coa fórmula actual, e dicir, prexubilando co mesmo sistema.



## ¿ Cómo serán as prexubilacións cando ... ?

*A presión social e da opinión pública, contraria á práctica bancaria de reducir cadro de personal por conta das “reservas”, xunto á nova normativa laboral saída dos “decretazos” impostos polo Goberno na pasada primavera, levan ós estratexas da “enxeñeiría laboral” ó deseño de novos plantexamentos que permitan a continuidade da actual política de prexubilacións. Velaquí algunha “idea” que xa circulan pola empresa. Fórmula 1: Troco do vencello laboral fixo polo de “axente”. Fórmula 2: “Teletraballo” na casa, no canto do traballo na oficina. ¿ Quen para isto?.*

## Especie

CIG-BBVA ven de participar, en Madrid, na xuntanza convocada pola Dirección de Relacións Laborais da empresa, cos sindicatos representativos en BBVA. Na orde do día dos asuntos a tratar non figuraba a cuestión que máis deu que falar nos pasados días: A suposta proposta da empresa para modificar, no ámbito de BBVA, o horario laboral fixado polo Convenio Colectivo de Banca Privada coa pretensión de acadar un acordo laboral que fixe unha xornada de mañán e tarde. Os responsables laborais de BBVA, nesta cuestión, non quixeron entrar (non saben, non contestan) polo de agora. Así as cousas, a xuntanza centrouse en fixar algúns criterios aceptados por tódolos sindicatos sobre o proceso de eleccións sindicais que celebraremos moi pronto. Informouse, tamén, por parte dos representantes da empresa que, no presente exercicio, o **paquete-agasallo de nadal** que recibe algún dos colectivos de traballadores (BBV) **pasará a ser considerado como retribución en especie** coa súa pertinente **repercusión fiscal**. A empresa, a modo de compensación, sumará ós produtos que tradicionalmente forman o paquete, ademais, dúas botellas de viño, un queixo e unha lata de espárragos. Así, o valor pasará de 56,62 euros (9.420 ptas.), o pasado ano, a 74,53 euros (12.400 ptas.) previstas no presente ano.